

Tradución de márketing - Cotranslations

QUEN?

Clara Bao Rivas e Tania Carril, dúas tradutoras autónomas que traballamos baixo o nome Cotranslations, xa que niso consiste o noso método: ofrecer servizos lingüísticos colaborativos.



CLARA BAO RIVAS

Grao en Tradución e Interpretación - UVigo
Máster en Tradución Literaria e Audiovisual - UPF
Traduce de inglés e francés a español e galego

TANIA CARRIL

Licenciatura en Tradución e Interpretación - UVigo
Máster en Tradución e Novas Tecnoloxías - UIMP
Tradutora e intérprete xurada de inglés
Traduce de inglés e portugués a español e galego



POR QUE?

No mundo globalizado actual resulta fundamental dispor dun mecanismo que posibilite o entendemento e intercambio entre seres humanos. Por sorte, ese mecanismo existe dende hai séculos e chámase tradución.

Tras seis anos de traballo conxunto, na tradución de márketing atopamos unha especialidade que nos apaixona, xa que nos permite explotar a nosa creatividade, dotes de redacción e coñecementos culturais e lingüísticos.

Se precisas axuda para facer chegar os teus servizos ao mercado español ou galego, contamos coa experiencia que precisas, avalada por anos de traballo e pola nosa participación en proxectos de diferente carácter como:

- Localización de sitios web e software de ensaios clínicos, metabuscador de hoteis e bens de consumo (dende agosto de 2015).
- Tradución de contido promocional e paneis para museos (dende setembro de 2016).
- Tradución de notas de prensa de empresas tecnolóxicas, turísticas e de entretemento (dende maio de 2017).
- Tradución de contido para o sitio web, boletíns informativos, vídeos de formación, correos promocionais e campañas de márketing para empresas de entretemento e bens de consumo (dende febreiro de 2018).
- Tradución de boletíns informativos, notas de prensa e manuais de uso para empresa de produtos e solucións para a atención sanitaria e as ciencias da vida (dende agosto de 2018).
- Tradución dun sitio web multimarca de produtos de cosmética (dende agosto de 2019).
- Transcreación de campañas de márketing, sitio web e correos promocionais para marcas de coidado corporal veganas e orgánicas (dende febreiro de 2020).
- Tradución e subtitulado de contido formativo e promocional para empresas do sector financeiro e de recursos humanos (dende agosto de 2020).

Tamén participamos noutros proxectos relacionados coa gastronomía; comida para animais; promoción e servizos de empresas de mensaxería e supermercados; promocións e sitios web de marcas de roupa e accesorios deportivos e promoción e servizos hoteleiros.

COMO?

Queres saber se a nosa experiencia se axusta ao que estás a buscar? Escríbenos a

info@cotranslations.com

ou chama ou envía un WhatsApp ao 688913518 (Clara),
estamos desexando coñecerte!

